

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Bieito Lobeira Domínguez** e a ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión**, relativa á adopción de medidas que eviten un grave caso de discriminación xudicial por razón de lingua .

Hai ocasións nas que o debate lingüístico adquire no noso país tintes de auténtico surrealismo político. Cando ademais se lle acrecentan consecuencias prácticas, estragos e prexuízos contra a vida das persoas e as súas familias, chega a extremos de paroxismo. E máis aínda nun caso no que o que se xulga xa non é nin o comportamento lingüístico de ninguén, senón a súa mera pertenza a un pobo que, como o galego, posúe unha lingua propia diferente da española.

Isto é xusto o que acontece no caso que nos ocupa. Muller galega, divorciada, con dúas fillas. Residía en Alorcón (Madrid), e contaba coa custodia das dúas fillas. Torna a Vigo, ao seu ámbito familiar de procedencia, e aí comezan os problemas co aparello xudicial. Recentemente, o xuíz do xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 6 de Alorcón dita un auto no que, no nome de “*el mayor interés y beneficio de las menores*”, así como “*el desarrollo integral adecuado de las menores*”, iso si, sempre “*bajo el criterio de la sana crítica, y examinados los elementos probatorios, bajo el prisma del superior interés de las menores*”, manda á nai galega das rapazas volver a Alorcón, ou ben trasladarlle ao pai a custodia das fillas, utilizando o seguinte argumento literal, recollido no Fundamento de Dereito Terceiro:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza


*“Las menores han estado escolarizadas desde hace muchos años en el Colegio “Amanecer”, de Alcorcón, para ahora verse escolarizadas en Centros Públicos, en Vigo, con inmersión en un sistema escolar en lengua gallega, una lengua distinta a la que han sido escolarizadas hasta ahora, que más allá del ámbito de aquella Comunidad Autónoma, no se aprecia tenga otra utilidad práctica”.*

Na mesma liña unha sentenza da Audiencia Provincial de Madrid, no seu Fundamento de Dereito Primeiro, facéndose eco da argumentación anterior, proclama: *“Advirtiendo del peligro para las menores de la problemática relativa a la inmersión lingüística en Galicia”.*

Aí está o problema: Que na Galiza se fala en galego. E que este feito é unha traba para o futuro das nenas, e o seu desenvolvemento persoal. Tendo en conta ademais que o galego é un idioma inútil. Así de natural. Sen complexos. Mais quen paga estes prexuizos é a nai e as dúas fillas afectadas.

A discriminación non se pode permitir, veña de onde veña. Aínda que proceda de instancias xudiciais. A nosa lingua non é un problema, é nosa, e temos que defendela. E cando algunha compatriota padece algún caso de marxinación por este motivo (repárese en que se non fora galega nin residira na Galiza o problema non existiría), é deber da administración pública galega actuar con firmeza na defensa dos dereitos civís e democráticos, inalienábeis, que lle confiren a súa condición de galega.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/11/2009 11:24**  
**Nº Rexistro: 13690**

Data envío: 17/11/2009 11:24:11.594

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a adoptar as medidas precisas, ao amparo da legalidade vixente, e no ámbito das súas competencias, nomeadamente a través das Consellarías de Traballo e Benestar, e de Educación e Ordenación Universitaria, para evitar un caso flagrante de discriminación por razón de lingua, de pertenza e residencia na Galiza, que está a padecer unha familia de Vigo.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado e portavoz s. do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 17/11/2009 11:23:29**